

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 755** *Real decreto lei 1/2013, do 25 de xaneiro, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e se adoptan outras medidas urxentes para o emprego e a protección social das persoas desempregadas.*

I

A crise económica que atravesa España desde 2008 fixo necesario que o Goberno abordase de maneira urxente unha serie de reformas estruturais entre as cales cobran especial relevo as referentes ao ámbito laboral, cuxo obxecto primordial é impulsar o emprego e conseguir, en particular, que os desempregados teñan a oportunidade de conseguir un posto de traballo.

Entre as medidas que se recollen neste real decreto lei destaca a prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e a previsión da súa continuidade mentres permanezan as circunstancias que o xustifican. Ademais, régulanse outras accións como a dirixida aos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura que padeceron os efectos da seca, a reposición do dereito ás prestacións por desemprego para os traballadores afectados pola suspensión do seu contrato de traballo ou a redución da súa xornada, cuxo contrato se vexa extinguido posteriormente por determinadas causas obxectivas, e a prórroga do prazo para implementar a plena efectividade da formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe.

II

O Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, introduciu de forma conxuntural un programa de cualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, baseado en accións de políticas activas de emprego e na percepción dunha axuda económica de acompañamento.

O programa, de seis meses de duración, foi prorrogado en tres ocasións, a última delas mediante o Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, disposición que introduciu melloras no seu deseño para incrementar a súa eficacia como mecanismo de inserción no mercado de traballo e para protexer os cidadáns que máis o precisan.

Os elevados niveis de desemprego existentes na actualidade fan necesario proceder á súa prórroga, xa que se manteñen as mesmas circunstancias extraordinarias que deron lugar á creación do programa.

Por todo isto, este real decreto lei ten unha dobre finalidade: prorrogar por cuarta vez desde a súa creación o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego e posibilitar unha prórroga automática do programa por períodos de seis meses cando a taxa de desemprego, segundo a Enquisa de poboación activa (EPA) publicada con anterioridade á prórroga que corresponda, sexa superior ao 20 por cento. Desta forma, lógrase unha maior seguridade xurídica na vixencia deste programa, ao se considerar un indicador obxectivo que condicionará a súa continuidade ou non.

III

No informe «Avance de produción» referido ao sector do aceite, con datos de outubro de 2012, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, comparada a estimación de produción de aceite da campaña 2012 (675 miles de t) coa campaña 2011 (1.599 miles de t), obsérvase unha caída na produción do 57,8%. Entre as comunidades autónomas que presentan as maiores caídas na produción con respecto á campaña 2011 están Andalucía e Extremadura.

A importancia dos danos ocasionados pola seca na campaña da oliva de 2012 dificulta gravemente, pola súa incidencia na perda de xornadas de traballo, a consecución do número mínimo de xornadas reais cotizadas precisas para acceder ao subsidio por desemprego previsto no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou da renda agraria regulada polo Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura.

A tal finalidade responde a medida recollida no artigo 2 e a disposición transitoria única, mediante a cal se sitúa en 20 o número de xornadas reais cotizadas exixidas aos traballadores eventuais agrarios que residan no ámbito territorial das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura para poderen ser beneficiarios do subsidio por desemprego ou da renda agraria antes indicados.

IV

Polo que respecta á reposición do dereito ás prestacións por desemprego prevista no artigo 16 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, para aqueles traballadores que, afectados pola suspensión do seu contrato de traballo ou pola redución da súa xornada, sexan finalmente obxecto de despedimento polas causas previstas nos artigos 51 ou 52.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, procédese a modificar ese artigo 16 establecendo novos límites temporais que amplían o seu prazo de aplicación. E isto coa finalidade de continuar favorecendo a adopción de medidas temporais de regulación de emprego, ao non penalizar o consumo da prestación por desemprego dos traballadores, que queda reservada para o futuro cos límites que a norma prevé. En liña cos obxectivos da reforma do mercado de traballo, séguese desta maneira a favorecer a flexibilidade interna nas empresas como alternativa á destrución de emprego.

V

O número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e o parágrafo segundo do número 2 da disposición transitoria segunda do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, establecen un prazo transitorio de doce meses, a partir do 12 de febreiro de 2012, durante o cal se permite que, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente aos contratos de formación e aprendizaxe que se subscriban nese prazo poida estar constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

Como o próximo 12 de febreiro de 2013 finaliza ese prazo transitorio, dada a necesidade de adecuar a oferta de formación dos certificados de profesionalidade á súa impartición nestes contratos, especialmente polo que se refire á modalidade de teleformación, cómpre ampliar o prazo co fin de permitir esta adecuación, mantendo de forma transitoria a posibilidade de efectuar contratos para a formación e a aprendizaxe non vinculados a certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional.

VI

A Lei 13/2012, do 26 de decembro, de loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, vixente desde o 28 de decembro de 2012, deu unha nova redacción a varios artigos do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto (en diante TRLISOS). En concreto, suprimiu o número 9 do artigo 22 do TRLISOS por coincidir co contido do número 4 do mesmo artigo. Unha vez efectuada esta supresión, ao se renumerar as seguintes infraccións do artigo 22, o número 10 pasou a ser o 9, o número 11 pasou a ser o 10, e así sucesivamente.

O número un da disposición derradeira primeira da citada lei tamén modificou o artigo 4.1.a) do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, co fin de atribuír ás direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a competencia resolutoria na infracción moi grave do artigo 23.1.k) do TRLISOS, relativa á retención indebida da cota obreira ou desconto superior ao establecido sen ingreso en prazo regulamentario, ben que isto se realizou sen ter presente a referida renumeración, finalidade que se persegue co presente real decreto lei.

VII

Nas medidas que se adoptan concorren as circunstancias de extraordinaria e urgente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer á figura do real decreto lei.

En primeiro lugar, tendo en conta que, dados os elevados niveis de desemprego existentes na actualidade, aumenta o número de traballadores que esgotan as súas prestacións ou subsidios por desemprego e non encontran traballo nin dispoñen doutros recursos, é prioritario proceder a unha nova prórroga do programa de recualificación profesional para que esas persoas poidan contar cunha garantía mínima de ingresos, ao se manteren as mesmas circunstancias extraordinarias que deron lugar á creación do programa.

En segundo lugar, é precisa a adopción de medidas que reduzan as graves consecuencias que ocasionou a seca o ano pasado, especialmente na campaña da oliva de 2012, que está dificultando gravemente que os traballadores eventuais agrarios poidan cumprir o número mínimo de xornadas reais cotizadas que son precisas para poderen acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria. Co fin de facer fronte a tales circunstancias excepcionais, adóptase a medida recollida no artigo 2, mediante a cal se establece en 20 o número de xornadas reais cotizadas exixidas aos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura para poderen ser beneficiarios do subsidio por desemprego ou da renda agraria antes indicados.

Por outro lado, co fin de manter e ampliar a protección por desemprego dos traballadores afectados por suspensións ou reducións de xornada, con extinción posterior do contrato de traballo, seguirán tendo dereito á reposición da prestación contributiva por desemprego aqueles aos cales se lles suspenda ou reduza a xornada ata o 31 de decembro de 2013, e cuxo despedimento se produza ata o 31 de decembro de 2014. O vencemento das datas previstas no artigo 16 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, require a inmediata e ineludible adopción desta medida.

Os contratos para a formación e a aprendizaxe estanse a converter nun medio para a formación e inserción laboral dos mozos. Por iso hai que posibilitar que, ata o 31 de decembro de 2013, a actividade formativa inherente a estes contratos poida estar constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, dada a necesidade de adecuar a oferta de formación dos certificados de profesionalidade á súa impartición nestes contratos, especialmente polo que se refire á modalidade de teleformación.

Por tanto, é preciso manter de forma transitoria a posibilidade de efectuar contratos para a formación e a aprendizaxe non vinculados a certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional, que se debe realizar inevitablemente de maneira urxente posto que o vindeiro 12 de febreiro de 2013 finaliza o prazo inicialmente previsto polo número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Con efectos desde o 16 de febreiro de 2013 prorrógase ata o 15 de agosto de 2013, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda, o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, coa súa natureza de programa específico de carácter nacional que inclúe medidas de política activa de emprego e axudas económicas, recollido no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, coas modificacións incorporadas polo Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Artigo 2. Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas necesarias para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria en favor dos traballadores eventuais agrarios das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, afectados polo descenso de produción do oliveiral como consecuencia da seca.

1. Os traballadores agrarios por conta allea de carácter eventual que residan no ámbito territorial das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego previsto no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou da renda agraria establecida no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, polo que se regula a renda agraria para os traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social residentes nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, mesmo cando non teñan cuberto o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d), respectivamente, dos citados reais decretos, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter cuberto un mínimo de 20 xornadas reais cotizadas nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego.
- b) Reunir o resto dos requisitos exixidos na normativa aplicable.
- c) Solicitalo dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Cando se aplique o previsto no número 1, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

- a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.
- b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten nos seis meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei no ámbito territorial indicado no número 1 observarase o seguinte:

- a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar un número mínimo de 20 xornadas reais cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar o establecido no número 2 da disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, considerárase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas cando se acredite un número igual ou superior a 20 xornadas reais cotizadas.

Artigo 3. *Ampliación do prazo para a reposición do dereito á prestación por desemprego.*

O número 1 do artigo 16 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando unha empresa, en virtude do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou dun procedemento concursal, suspendese contratos de traballo, de forma continuada ou non, ou reducise o número de días ou horas de traballo, e posteriormente se extingan contratos ao abeiro dos artigos 51 ou 52.c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou do artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, os traballadores afectados terán dereito á reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo polo mesmo número de días que percibisen o desemprego total ou parcial en virtude daquelas suspensións ou reducións cun límite máximo de 180 días, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que as suspensións ou reducións de xornada se producisen entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive.
- b) Que o despedimento se produza entre o 12 de febreiro de 2012 e o 31 de decembro de 2014.»

Artigo 4. *Ampliación do prazo que permite efectuar contratos para a formación e a aprendizaxe non vinculados a certificados de profesionalidade ou títulos de formación.*

O número 2 da disposición transitoria oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban ata o 31 de decembro de 2013, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas, accesible para a súa consulta nas páxinas web do Servizo Público de Emprego Estatal www.sepe.es e nas dos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para as ocupacións ou especialidades relativas á actividade laboral prevista no contrato; no seu defecto, estará constituída polos contidos formativos determinados polas empresas ou comunicados por estas ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para os efectos da súa validación no marco do Sistema nacional de emprego.»

Disposición adicional primeira. *Financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.*

O financiamento da prórroga da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego realizarase con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, para o cal se habilitarán para o efecto os créditos que sexan necesarios.

En ningún caso esta medida poderá afectar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Disposición adicional segunda. *Prórroga automática do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

A vixencia do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego prorrogarase de forma automática por períodos de seis meses, a partir do 16 de agosto de 2013, sempre que a taxa de desemprego sexa superior ao 20 por cento segundo a última Enquisa de Poboación Activa publicada con anterioridade á data da prórroga e se reúnan, dentro do período prorrogado que corresponda, os requisitos establecidos no Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto.

Disposición transitoria única. *Solicitudes do subsidio por desemprego ou da renda agraria presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.*

O disposto no artigo 2 será tamén de aplicación aos traballadores referidos nel que presentasen entre o 1 de setembro de 2012 e a entrada en vigor deste real decreto lei a solicitude do subsidio por desemprego regulada no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria regulada no Real decreto 426/2003, do 11 de abril, sempre que presenten unha nova solicitude a partir da dita entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.*

O parágrafo segundo do número segundo da disposición transitoria segunda do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, queda redactado nos seguintes termos:

«Nos contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban ata o 31 de decembro de 2013, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas, accesible para a súa consulta na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal, www.sepe.es e nas dos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para as ocupacións ou especialidades relativas á actividade laboral recollida no contrato; no seu defecto, estará constituída polos contidos formativos determinados polas empresas ou comunicados por estas ao Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos da súa validación no marco do Sistema nacional de emprego.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

A letra a) do número 1 do artigo 4 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda redactada nos seguintes termos:

«a) No caso das infraccións en materia de seguridade social reguladas na sección primeira do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de

agosto, cuxas actas non concorran con actas de liquidación, a imposición de sanción corresponderá:

1.º Á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no caso das infraccións leves sinaladas nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 21, as graves previstas nos números 1, 2, 3, 5, 7 e 9 do artigo 22 no suposto de reducións de cotas da Seguridade Social, e as moi graves previstas nas letras b), d), f) e k) do artigo 23.1.

2.º Á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, do Instituto Social da Mariña, nos supostos cualificados como infracción leve nos números 4 e 6 do artigo 21; como infracción grave nos números 4, 6 e 8 do artigo 22, e como infracción moi grave nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

Corresponderá a imposición de sanción á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal ou, de ser o caso, do Instituto Social da Mariña, cando a sanción afecte prestacións por desemprego, nos supostos previstos no número 4 do artigo 21; nos números 4, 6 e 8 do artigo 22 e nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

3.º Á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal no suposto previsto como infracción grave no artigo 22. 9 cando se trate de bonificacións, e como infracción moi grave na letra h) do artigo 23.1.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación por este real decreto lei poderán ser modificadas no futuro por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a e 17.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que o previsto no artigo 3 producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2013.

Dado en Madrid o 25 de xaneiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY